

Elixio Rivas Quintas

Os petos e os casteiros do Santuario dos Milagros

Aínda que pouco sexa, còmpre ambientarmos algo o tema. Petos-capela petitorios na provincia de Ourense teñen os Santuarios da Virxe das Ermitas e o da Virxe dos Milagres. Xeralmente en forma de caixa vertical, inclúen un relevo de Nosa Señora en lamia de prata, aquí coas súas portañas que se abren para ofrecela à veneración dos cofrades. Teñen sempre rexa correa lateral coa que levalo colgado, terciado ò ombreiro, indo de casa en casa.

Ámbolos dous santuarios son de tradición inmemorial avalada polo léxico. A forma propia é *Nosa Señora das Ermitas*, non “Ermidas” que supón semántica posterior, desacorde coa realidade, xa que se trata dos “eremitas” primitivos, de vida anacorética, voz grega. *Ermida* é unha forma e un concepto daquel evolucionado; o lugar onde se xuntaban, donde *ermitaño*. É un desfavor que lle fan à historia das Ermitas e da vida cenobítica no Noroeste, modernizar sen máis esta reliquia filolóxica, atropellando valores semánticos e históricos.

No *Santuario dos Milagres* òs “ermitaños” díselles *casteiros*, un hapax léxico samente usado, e aínda vivo, na súa periferia en vinte kms. de radio. O derradeiro *casteiro* morréu hai adur dous anos; a verba, agora sen función, esmorecerá no seu valor semántico.

Trátase dunha forma popular do Baixo Imperio, sucesora do clásico *quaestor*: * *questarius*, * *questairo*, *casteiro*, parella a *quaestorius*. O *quaestor* romano era quen tiña que ver coas finanzas e cobro de contribucións. A 5 kms. do Santuario, en Santa Mariña de Asadur, vese a gran lápida honorífica, única no Imperio, adicada a un cobrador de impostos por se portar humanamente coa xente: *Quinto Licinio vectigalis*, cobrador do fisco no latín oficial, un *quaestariu* na fala popular, que evoluciona a *casteiro*.

A palabra existe na fala oficial, pero en forma culta, *cuestar*, *cuestación*, non popular, patrimonial coma arredor dos Milagres. O feito é parello, filoloxicamente, à existencia no Noroeste de termos coma *crego*, *pego*, populares e patrimoniais en Galicia, cultos ou semicultos no resto de España (*clérigo*, *piélagos*).

A fala patrimonial, tradicional por definición, non coñece solución de continuidade de pais a fillos, polo que vale por documento feaciente, arqueolóxico. Aínda que malamente castelanizado coma de costume, aparece nos Libros de



Cuestor.

Cofradía dos Milagres, na forma de *questero*, en 1790, 1849, 1858... (Libro 2, f. 95, 125, 136), no canto de “ermiñaño”.

Cando somente no outeiro central, no Medo, puido ancorarse e sobrevivir, é que aquí, enlazando co Baixo Imperio, se dá unha realidade paleocristiá afín; a lingua non inza doutro xeito. Sería



Cuestor.

unha mínima capela cuio coidador, ermitaño, recollese as esmolas para conservala e poder vivir. Os que en séculos futuros *cuestaron* –verbo usado no Libro tamén–, co peto de *Nosa Señora do Medo* –como se coñece deica o primeiro cuarto do séc.XVIII–, foron sempre aquí e só aquí e neste senso, coñecidos por *casteiros*.

DESCRINCIÓN DOS PETOS

No Santuario dos Milagres, hoxe conservados no Museo “Devaceiros”, fican nove *petos*. Quizais non fosen máis de dez, e sabemos do que falta; do que foi do *casteiro* –el e seu seu pai antes– Amadeo Quintas, do Pouseu na Rabeda. Para a súa análise clasificámoslos pola orde en que están na vitrina, de dereita a esquerda. Todos en forma de caixa de madeira.

Nº 1

Ten forma cuadrilonga, coa parte superior arqueada. Altura máxima, 0.34; ancho 0.21; de fondo, na caixa 0.05, no pè, que alberga o estoxiño con 0.09 de alto, o ancho é de 0.06.

Está escavado nun tronco enteirizo, cunha composición arquitectónica: dúas colunas laterais de basa e capitel, surmontadas de arquitecra e frontonciño moi decorado de macolla igual cà uchiña. As portiñas son lisas. A feitura é da mesma man cà mesa petitoria à entrada do Santuario, do século XVIII.



Peto 1. Cerrado. ▲

anxos coligantes sobrepostos e dourados; encima, a pomba do Espírito Santo.

Contraste: ROSELL

Nº 2

Caixa de madeira cuadrilonga e con portañas coma a nº 1, mais todo liso e sen molduras ou adornos. Alto na arcatura, 0.32; ancho, 0.18; fondo, 0.06'5.

Lamia repuxada de abundosa decoración barroca; a Virxe en retábulo-dosel entre as pilas-

Peto 1. Abierto. ➔

A lamia actual non é a orixinaria xa, substitutoria doutra máis primitiva e, acorde co estilo da caixa. A actual, en forma de cartela de escudo moldeada, é de campo liso, tallada a bisel con parca decoración rasgueada. A Virxe aparece ò xeito tradicional, cuberta de manto adornado de filigrana, con catro rosas en banda vertical, superposto un gran collar, dobre. Érguese sobre pedestal de 0.05 moldeado, coa lenda N^a S^a DE LOS MILAGROS, co crecente de lúa su dos pès.

Con coroa e sobrecoroa –resplandor de raios e centellas estreladas. À altura da súa cabeza, dous





Peto 2

tras, con dous blandós accesos coma se estivese sobre un altar. Os mantos, de Virxe e Neno, con moita decoración de macolla-filigrana, rosas verticais e sobre todo o gran colar colgante. Érguese sobre pedestal de macolla e follaxe con cartela e anagrama: A cabeza, Virxe e Neno, é de molde, sobrepintada ò natural, con anxos a entrábo-los lados e pomba no centro superior.

Punzón invisible polo encofrado da caixa.

Nº 3

Caixa cuadrangular de madeira de coroaemento arqueado, decorado, declinando quizais


ter sido aproveitado doutro peto similar ò nº 1, macizo. A altura de é de 0.33, ancho de 0.21.

A cartela é exactamente igual cà do nº 1; moldeada e de campo liso, atornillada ò fondo da caixa. Na parte superior leva o lema N^a S^a DE LOS MILAGROS. A Virxe e o neno no colo, no brazo esquerdo, en todo igual ò nº1 tamén: biselado, incluso as cabezas, e rasgueada a decoración dos mantos. No que fai de pedestal, botón sobredorado, co anagrama de María:

Contraste: ROSELL.



Peto 3 ➔



Peto 4.

Nº 4

Caixa rectangular de 0.34 de alto, 0.25 de ancho, e 0.08 de fondo. As portañas cubren toda a caixa co seu pè, tapando o estoxiño.

Lamia barroca do mesmo estilo recargado ca do nº 2, aínda que de ornato máis contido. Aparece a Virxe co Neno de gran relevo, en monumental retábulo dosel de pilas-tras laterais, cubrindo todo o fondo. Mide a imaxe 0.13 de alto por 0.13 no rodo; as caras son tamén de molde, ben traballo, sobrepintadas ò natural; aparece con rostriño, coroa e sobrecoroa de raios flamíxeros e centellas estreladas. Sobreposta, a pomba; òs dous lados, anxos colgantes; abaixo, coma nun altar, os dous blandós acesos. A imaxe érguese

Peto 5. ➔



Peto 4. Detalle.





Peto 6.

sobre un pedestal de moldura con cartela e anagrama.

Imposible aprecia-lo contraste de non desarmala caixa, atobado polo marco.

Nº 5

Caixa coma a anterior, a de maior porte, pois mide 0.39 de alto, 0.25 de ancho, fondo de 0.07 e no pedestal 0.10. O pè proxéctase fora das portañas co seu estoxo. Vese que a caixa non a orixinaria.

A lamia, en forma de cartela igual còs números 1 e 3, é de fondo liso, coa imaxe traballada a bisel igual cà decoración rasgueada do manto. Anxos sobrepostos e sobredorados, e pomba no cima de todo. Igual a lenda e demais.

Contraste: ROSELL.

Nº 6

Caixa de madeira, cuadrangular, lisa, de 0.32 de alto e ancho de 0.19, con curvatura superior; o fondo de 0.06'5. É da mesma man cò peto núm. 2. Imaxe e abundante adorno repuxados, fican dentro de retábulo-dosel de ampulosa cortinaxe, con blandós acesos òs lado. O mantiño do Neno amosa bandas horizontais paralelas coma en 7 e 8, que se non ven no da Virxe. A filigrana neste e no campo, anque variada, é parella à xa ollada. A Virxe leva a mesma coroa e sobrecoroa, anxos e pomba, con lema na parte superior: N^a S^a DE LOS MILAGROS. Abaixo o consabido anagrama.

A marcación debe de estar agachando o contraste, que non vemos.

Nº 7

Caixa e medidas coma no anterior, igual cã lamia, que semellan feitos do mesmo ourive. Todo repuxado, o manto mide 0.10 de rodo, de alto 0.09, e deica o alto do resplandor da sobreco-roa, 0.12 cm. Érguese sobre pedestal de follaxe e macolla con anagrama. En alto a lenda Nª Sª DE LOS MILAGROS. Colar colgante sobre o manto, sobrepu-xado, anxos sobredorados e sobrepostos, e apomba, todo igual.

Amosa punzón coa forma IVº, que pode corresponde a un ourive de nome Xoan.



Peto 7.

Nº 8

Caixa, en forma e medidas, igual cãs anteriores; de madeira lisa, sen molduras, estoxiño facendo de pedestal e coas súas portañas. A chapa ou lamia preséntase co dosel acostumbrado e cortinaxe colgante algo menos ampulosa, acollendo a imaxe vestida da Virxe co Neno no colo no brazo esquerdo, entre blandós acesos. A imaxe menos pro-jectada, con filigrana e colar repuxados. Os anxos sobrepostos e pomba en alto, con lema Nª Sª DE LOS MILAGROS. So-bre pedestal con máis forma de tal, e anagrama de MARÍA. Unha vez máis o marco debe de estar atobando o contraste, que non logramos ver.



Peto 7. Detalle.

Nº 9

Caixa de madeira coma tódolos anteriores, e as medidas igual. A lamia representa un retábulo-dosel que acolle unha imaxe vestida



Peto 8.

de manto, ben proxectada, con adorno repuxado o mesmo ca no campo. Coroa, anxos, lenda e anagrama, blandós acesos òs lados coma nun altar. É curioso que neste o Neno apareza no brazo dereito da Virxe, coma se o negativo se houberse posto ò revés. As cabezas, coma en tódolos anteriores, non sendo os núms. 1,2 e 3 que están talladas a bisel, son de molde, logo pintadas a òleo en color natural.

Resumindo:

a) Son do ourive ROSELL os petos número 1,2 e 3; de lamia de prata brillante, tallada a bisel incluso a cabeza, con filigrana rasgueada o manto, de campo liso e parco adorno.

b) Repuxados, con adorno variado e abondoso, barroco,

os números 2,5,6,7 e 8, con cabezas de molde sobrepintadas ò natural; a caixa orixinaria, moi traballada, barroca. Con punzón.

c) Parello òs anteriores en repuxado e adorno recargado, pero de máis volume e caras mellor moldeadas, con punzón.

Son polo menos tres os ourives. Na contorna fica entre a xente o dito, reflexo do seu afinado labrado: “Fulano ou fulana parece un “ourive en campaña”.

Comparando estes petos cos das Ermitas, vemos paridades e diferencias. Os dos Milagres teñen o seu cristal fixo sempre, que impide tocala imaxe; o pedestal é pequena gaveta-estoxo en que mete-lo diñeiro; samente é de metal a lamia. Os das Ermitas amosan unha maior riqueza material, máis prata, às veces todo o peto.

A semellanza iconográfica é manifesta entre ámbolos dous santuarios, en espacio menos agoviante nos petos dos Milagres: anxos colgantes, rostriño –nos Milagres perdeuse nos anos corenta por un roubo–, pomba sobre da imaxe e lúa su dos pès.

Casteiros dos Milagres e ermitaños das Ermitas comparten o espacio de cuestación, por aquel sobrepasado en estensiñ e profundidade, mesmo cara o leste, pero con idéntica nomenclatura de *partidos*.

A estatua da Virxe dos Milagres conserva a forma orixinaria e policromía, samente que no século XVII comeza a vestirse; a das Ermitas sufríu unha

grave amputación, oculta baixo o manto. Ámbalas dúas están en camarín ò que poden subir os devotos, sobre peana xiratoria, na orixe con cortina de espoñe-la imaxe nas solenidades. Estas coincidencias, o mesmo co feito de nos Milagres estar representado o martirio de San Francisco Blanco tralo altar maior, débese ò feito de polo 1780 viren das Ermitas escultores a remata-lo gran baldaquino, un deles Pedro Vidueira (Paradela,71).

OS CASTEIROS

O *casteiro* de Nosa Señora do Medo, xa o vimos a recadén, é institución tradicional aquí e con nomenclatura patrimonial, popular, viva deica os nosos días, sen constancia da súa existencia en ningunha outra parte. A fala é unha cadea sen solución de continuidade que se se desanda metodicamente sen deixala, necesariamente nos ten que levar òs seus primeiros aneis. Xa demos coeles na etapa baixo romana; a proba é firme, avalada pola arqueoloxía e inscricións da zona, o Val do Medo.

A Vía XVIII romana, a *Via Nova* de Braga a Astorga, vertebra o val contorneando o Santuario do pordosol ò nacente. A zona foi cristianizada en etapa moi antiga, en torno quizais òs anos finais do séc. IV. Un mínimo tempo se erguería na cuiña central cristianando un sitio de paganía, e o coidador -abaixo no Conso das minas, aquí do sitio de culto-, sería o primeiro *questario* reconvertido, empalme co mundo que desaparecía e estaba no intre de emprender cun matiz semántico aplicado, a nova realidade cristiá.

Os primitivos *casteiros* atendían ò culto, recibían limosnas, recorrían o entorno próximo, coutivaban o pegullal circundante. Pouco movemento e de curto alcance.

Así por demorados séculos, deica o espertar renacentista que vai animando o concurso de xentes deica a eclosión barroca. Aquel *casteiro*, acorde cos novos tempos, hase de multiplicar de forma parella à dispersión e número de cofrades con *avinza*.

Como a contribución era en especie, tiñan puntos, cofrades de toda confianza onde paraban e concentraban a grá, centeo ou trigo, o millo, o liño, a liñaza, fabas, viño... para vendelo. Un estaba avinzado cun ferrado ò ano, outro con medio, aquel cunha quartilla ou unha ola de viño, outro cunha escá de millo...

De sitios máis cercanos, coma Monforte, Amoeiro, O Ribeiro, Vilardebòs..., concentrado nunha taberna (así en Enxames, a Esfarrapa, Melias) logo, con mula e carromato, traíase à gran tulla do Santuario, desfeita polo ano 1985. No Catastro do Marqués de Ensenada dise: “hai cinco mulas de caraga para recoger limosnas”.

Pódese afirmar que os *casteiros* son servidores e conservadores da Cofradía da Virxe dos Milagres. Daí as referencias a eles nos seus Libros. Coestas

esmolas se ergue o Santuario, de tal xeito que, empezado en 1731, no 1740 han de parar à altura do presbiterio e agardar para remata-lo anos máis tarde.

Dous *casteiros* modelo, os irmaus Antonio e José Garrido de Baños de Molgas, aquí renderon vida, traballo e diñeiros, xuntando esmolas para a construción do templo, para acabar testando a favor do mesmo tódolos seus haberes.

Polo ano de 1760 é Manuel Rodríguez *hermitaño*, *vezº de Rosende de Terra de Lemos*. Polo 1890 aparecen *casteiros* coma Juan B.Sampedro que recorre o Val da Limia, Francisco Feijoo no Val de Monterrei, Domingo Losada na Rabeda, José López en Celanova e Tribes, Juan Lozano en Terra de Caldelas, , Domingo Pérez en Terra de Lemos,, Domingo Vázquez nos Chaus de Amoeiro, Aniceto García en Monterroso, Lugo; Manuel Álvarez no Val de Tera,Zamora. Despois é Benito Nóvoa, Gumersindo González, Elías Calvo, Lino Fidalgo, Antonio Rego... A José Quintas por terras de Zamora e Lugo, sucedeulle seu fillo Amadeo Quintas a quen a xente de media idade lembra no Val de Tera, dende Terroso a Camarzana e Vega de Tera, e Trefacio..., que morre no ano 1985. Aínda siguen deica o 1990 os irmaus José e Constantino Guede; morre aquel en 1998 pechando a longa lista e secular andadura. O derradeiro en sair foi José Gude pola zona de Xinzo e Melias.

En Terroso, Galende, Vega de Tera... lémbrense aínda de *casteiros* coma o señor Amadeo Quintas do Poseu en Paderne, fillo de José, que morreu polo 1985.

Largo número de *casteiros* en catrocentos anos de historia, se poñemo-los comezos da Cofradía polo ano 1600. Lembremos que a imaxe da Virxe e as táboas do seu retábulo, manieristas, son do século XVI.

A CUESTACIÓN

Os *petos de casteiro* do Santuario dos Milagres, hoxe en repouso absoluto, en retiro forzoso, tiveron un movemento inusitado, continuo por diezas de anos. ¡Vaia historia ou intrahistoria que se podía escribir cos sucesos, escenas, xentes, panoramas, congostras, montes e vales que percorreron e ollaron!

A *cuestación* non se facía sen a debida licencia. No ano 1794, o Administrador do Santuario señor Nieto Losada (Hª Sant.,61) solicita e consegue do “Supremo Consejo de Castilla, Reales Cédulas que autorizan a los *casteiros*, cuestar en la provincia de Orense, Encomienda de Quiroga, provincia de Lugo, obispados de Astorga y de Santiago”. O mesmo se consegue a mediados do XIX na diócese de Tui, cuio bispo, ano 1859 (Ib.62) don Telmo Maceira, non somente dá permiso para cuestar na dióces, senón que, sendo él mesmo con toda a súa parentela cofrade, concede indulxencias a quen o sexa. Para toda a provincia de Pontevedra, este permiso deuno o Señor Gobernador.

Tiñan para o caso dividido o espacio do Noroeste en *partidos*, coma os das Ermitas, partindo do Santuario como é natural.Cara o leste era o Partido de

Tribes, cara o Sur o de Verín, que entraba en Chaves e Montalegre de Portugal. O partido da Limia, que chegaba deica Lobios e Lindoso; o de Ourense, deica a raia de Lugo; o do Ribeiro que chegaba deica o mar da Guarda e Vigo. O partido de Lalín e Monterroso, que collía esas partes de Pontevedra e Lugo, pasando à prov. da Coruña; o partido de Lugo, dende Monforte cara o norte, sen límites. E o partido de Castilla, que comezaba nas Frieiras e chegando deica Benavente, A Bañeza, Astorga, e as Tureno de Sil.

Podemos sinalar coma indicativos certos lugares extremos nos que aparecen os *casteiros*. Así en Zamora, Momboi, Trefacio, Vega de Tera, Camarzana, Polvorosa... En León, A Bañeza, Quintanilla de Astorga, S.C.de Valduerna, Priaranza, Toral de Merayo, Tureno del Sil, Vilafranca onde eran cofrades toda a comunidade de “religiosas Franciscas”. De Lugo, Monforte, Quiroga, Monterroso; da Coruña, Melide, Betanzos, Ferrol; de Pontevedra, A Lama, Ponte Caldelas, Borbén, Arcade, Redondela, Vigo, Baiona, A Guarda, Tui, A Caniza... En Portugal, Vilar de Perdizes, Montalegre, Braga, Caldas de Moledo ...

Naturalmente deixamos de lado os lugares máis próximos, deica os trinta ou corenta kms. de radio, mellor coñecidos, xa que se faría interminable a relación.

Eran polo menos dez os *casteiros* en permanente deambular pola xeografía do Noroeste, xa dende o século XVII. Comeza a esmorecer, coma todo o que de Roma herdamos, nos anos 50 do século XX que acaba de finir. Deu cabo a etapa centenaria dos *casteiros* con cabalgadura traspasando serras, percorrendo perante gran parte do ano congostras e aldeas para visitar òs cofrades.

Cada casteiro, terciado o correaxe do peto ò ombreiro, andaba casa por casa, abría as portañas e à vista da *Madre de Dios dos Milagres*, rezaba coeles unha Ave María e unha Salve, dábanlle a avinza que fose, para o que levaba o seu saco, e adiante. Así foi cómo inzou e se mantivo por centas de anos esta devoción a Nosa Señora do Medo, e a tanta distancia, o que non deixa de chama-la atención sendo tantas as advocacións intermedias e tal a separación e por camiños tan arredados e difíceis.

LIBROS DE COFRADÍA

Do Libro de Cofradía dos Milagres, que sería o primeiro, fálase nunha Visita Pastoral do Bispo de Ourense, o ano de 1669 (Hª Sant.,77). Perdeuse e non temos máis cã seguridade da súa existencia. O segundo, máis antigo conservado, ábrese no ano 1731 ò tempo de comeza-las obras do actual Santuario. O terceiro é do 1828 máis ou menos. Os tres son de grande interés polas novas que nos proporcionan e por darnos a medida e difusión da devoción a *Nosa Señora do Medo*, logo -máis ou menos dende o primeiro cuarto do século XVIII, *Nosa Señora dos Milagres*. Dous milagres se constatan no Libro, un avalado de puño e letra en 1738 por once testigos presenciais; outro de S.J.de Camba, bispado de Lugo, en 1802. E un longo etc.

Nos Libros aparecen nomes e nomes de cofrades, familias, sinalando *avinza* con que están suscritos e lugar de residencia. Nomes con apelido común, sen renome, e de vez en cando nomes de sona, coma o marqués e marquesa de Astariz, o marqués de Bóveda de Limia, o Señor de Borragueiros; Juan Luis Ximenez de Saboya Oidor na Real Audiencia da Coruña, catro irmas de Fr.B.J. Feijoo y Montenegro...Bispos coma Don Alonso Francos Arango de Ourense, Don Telmo Maceira de Tui, Don Vicente Alonso bispo de Astorga... Coengos, cregos...

En 1765 “Anselmo Nieto vezino de la Villa de Balberde de Leganez y Ana Jaramillo V^a de Leganez provincia de Estremadura”, que é a dez kms. de Badaloz camiño de Olivenza. Aparecen tamén nos sobados cuadernos dos *casteiros*, escritos a lápiz, aldea por aldea, por “partidos”.

De tódolos lugares acudían os peregrinos andando, às veces descalzos; nos anos sesenta aínda era posible falar con persoas de Merouces, Mondariz, (Po.), de Monforte, (Lu.), que viñan andando. Ò pé do Monte Faro, en Carboentes e Val de Camba, Rodeiro, tiñan por tradición, e aínda perdura, viren òs Milagres a vispera do Corpus, acudindo à mañá seguinte à procesión de Ourense. De Melias, onde a contribución foi sempre en viño -o último xuntado, no ano 1986-, siguen vindo sen falta cada ano o vinte de outubro, unha vez rematada a vendima e fervendo o viño na adega. Agora a meirande parte non veñen andando, pero de calquera xeito que veñan, é o día que aproveitan para pagar a súa *avinza* familiar anual. Denantes iban os *casteiros*, agora veñen eles, e mesmo hai quen o remite por vía postal cada ano.

A sociedade comeza polos anos 50 a trocarse a marchas forzadas; atrás fica o noso mundo, ese mundo románico xurdido a partir de Roma, a cultura occidental que perdura por 2.000 anos. A devoción e os cofrades emigraron a grandes distancias sen necesidade daquel contacto físico do pasado. Os cofrades sen dúbida baixaron en número nas zonas extremas do espacio descrito, pero aumentaron en lugares distantes onde a emigración asentou. Multiplicáronse por exemplo en cidades coma Vigo, lonxanas coma Madrid, Valencia, as Vascongadas, Barcelona...,e as nacións europeas de residencia, incluso persoas nativas relacionadas con antigos cofrades. E América.

Pode haber unha *avinza* fluctuante de ata seis mil cofrades; fixa, coma catro mil.

Todo hoxe se universaliza en nada de tempo sen que se saiba onde xorden os movementos teledirixidos por onnímodos medios de comunicación, despersonalizados, A deshumanización é o que caracteriza ò noso mundo; as novas que nos sirven non dan tempo a reaccionar para ser racionalmente dixeridas e asimiladas. O futuro é cada día máis imprevisible, máis egoísta, menos fraterno.